

Nota de prensa  
do SLG

24-02-2010

## Compostela, 27 e 28 de febreiro: **Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar**

Os vindeiros 27 e 28 de febreiro terán lugar na Facultade de Filosofía da USC (Praza de Mazarelos, Compostela) as **Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar**, organizadas pola **Iniciativa pola Soberanía Alimentaria dos Pobos (ISAP)\***, da cal o Sindicato Labrego Galego forma parte.

A soberanía alimentar foi definida no Foro de Nyéléni<sup>1</sup> —celebrado en Sélingé, Mali, en Febreiro de 2007—, coma “o **dereito dos pobos a alimentos nutritivos e culturalmente apropiados, acesíbeis, producidos de forma sustentábel e ecolóxica, e o seu dereito a decidir o seu propio sistema alimentar e produtivo**”.

Este concepto vai máis aló, polo tanto, do que coñecemos como “seguridade alimentaria”, manexado polo meirande dos países, xa que a soberanía alimentaria non é somentes *ter* comida, senón que esta ten que ser **sana e xusta para quenes a comen e quenes a producen**.

A soberanía alimentaria é defendida por organizacións de todo o mundo —labregas, de poboacións pescadoras, indíxenas, feministas, ecoloxistas e de consumo responsábel— como a **alternativa ao actual sistema industrial de produción**, (que implica transxénicos, pesticidas, agricultura intensiva...) **distribución** (accedemos a alimentos que, malia a poder ser producidos aquí, son transportados dende milleiros de kilómetros, co conseguinte impacto medioambiental) e **comercialización** (impóñennos cada vez máis o consumo nas grandes superficies, xestionadas por un pequeno pero poderoso monopolio a nivel mundial que especula cos alimentos, beneficiándose das subidas no prezo aos consumidores/as<sup>3</sup> e da baixada no pagado aos produtores e produtoras<sup>4</sup>).

**O tratamento que o comercio internacional dá aos alimentos seméllase cada vez máis ao do petróleo**. Por unha banda, o precio mundial dos alimentos decídese en grande parte no **Mercado de Futuros de Chicago**. Un marco regulamentario especulativo que no 2008 (o ano da triple crise: económica, enerxética e alimentaria) proporcionou ás grandes empresas de alimentos un incremento medio de beneficios do 45%<sup>5</sup>.

Por outra parte, a **deslocalización da produción alimentar duns países a outros**, coñecida como “acaparamento de terras” (land-grabbing)<sup>6</sup>, e que implica producir alimentos nun país para alimentar ás/aos habitantes doutro, atópase xa tan extendida que o propio director da FAO, o senegalés Jacques Diouf, declarou o 10 de setembro ao Wall Street Journal a existencia dunha “alerta do neocolonialismo de terras nos países do Sur por especuladores con materias primas e alimentos”.

Así as cousas, non sorprende que **a soberanía alimentaria sexa xa recoñecido coma dereito constitucional** en países coma Bolivia, Ecuador<sup>7</sup> ou o Nepal, xa que fica claro que **sen soberanía alimentaria é imposible a soberanía dos pobos**<sup>8</sup>, posto que dependeríamos para alimentarnos, para vivir, das decisións de empresas privadas ou dos gobernos doutros países.

### **Compostela, 27-28.**

A democratización da alimentación, as relacións Norte-Sul e a fame, o impacto do modelo agroindustrial sobre a mudanza climática, as dificultades e alternativas en marcha para vivir da terra e o mar, a situación e expectativas do consumo responsábel, así como a situación concreta na Galiza, Mozambique e Chile son algúns dos temas que se abordarán entre o 27 e 28 de febreiro en Compostela.

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego (integrado na Vía Campesina) **Carne Freire**, canda **Paul Nicholson**, actor fundamental na conferencia de Nyéléni en representación da Vía Campesina, encetarán as xornadas expoñendo a **soberanía alimentar como unha ferramenta democratizadora da alimentación**.

A chilena **Florencia Aróstica**, dirixente da Asociación Nacional de Mujeres Rurales e Indígenas, e o mozambicano **Luis Mário Muchanga**, da União Nacional de Camponeses, organizacións tamén integradas na Vía Campesina internacional exporán a situación nos seus países. Os investigadores **Ferrán Garcia** (Veterinarios Sen Fronteiras/No Te Comas el Mundo) e **Mónica Vargas** (Observatorio de la Deuda en la Globalización), falarán sobre a relación entre o modelo alimentar, a mudanza climática e as relacións Norte-Sul.

Ademais, **tres mesas redondas** servirán para nos achegar a como é “Vivir da terra” (coas experiencias do Grelo Verde, Monte Cabalar e Leite Crú O Alle), “Vivir do mar” (con Mar de Lira, Algamar e a Confraría de Cangas) e “Vivir sen devorar” (co Proxecto Amorodo/Lentura e a Rede Galega de Consumo Consciente e Responsábel).

**NOTA: Por mor da previsión meteorolóxica fica ADIADO o Mercado pola Soberanía Alimentaria que ía ter lugar na Praza de Mazarelos.**

<sup>1</sup> [http://www.nyeleni.org/?lang\\_fixe=ok&lang=es](http://www.nyeleni.org/?lang_fixe=ok&lang=es)

<sup>2</sup> <http://www.youtube.com/watch?v=2AZ3LdWMCUA>

<sup>3</sup> [http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/business/newsid\\_7364000/7364465.stm](http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/business/newsid_7364000/7364465.stm)

<sup>4</sup> <http://www.rebellion.org/noticia.php?id=81504>

<sup>5</sup> [30 de abril do 2008] *La inflación alimentaria crea una bonanza para firmas como Nestlé, ADM y Danone.* Wall Street Journal. [http://www.archivochile.com/carril\\_c/ccrecomendamos0000039.pdf](http://www.archivochile.com/carril_c/ccrecomendamos0000039.pdf)

<sup>6</sup> <http://farmlandgrab.org/tag/espanol-language>

<sup>7</sup> [16 de Novembro] *A. Latina: ¿hacia la soberanía alimentaria?*

[http://www.bbc.co.uk/mundo/america\\_latina/2009/11/091009\\_soberania\\_alimentaria\\_pea.shtml](http://www.bbc.co.uk/mundo/america_latina/2009/11/091009_soberania_alimentaria_pea.shtml)

<sup>8</sup> [13 de Novembro do 2009] *Foro Paralelo dos pobos: Abonda de palabras, poñamos en marcha a soberanía alimentaria!* <http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=9&i=411>

**\*A ISAP (Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos) é unha alianza de organizacións nascida en Abril de 2008 e actualmente integrada por Amarante, A Cova da Terra, Eirado, Emaús, Fundación Galicia Verde, Panxea, Semente, Sindicato Labrego Galego, Verdegaia e Veterinarios Sen Fronteiras.**

**Moitas grazas pela vosa atención.**

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

**OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON**

**Nanda Couñago (Amarante) TLF: 660 233 481**

**Clara Raposo (A Cova da Terra) TLF: 687 277 744**

**Juncal Blanco (Emaús Fundación Social) TLF: 628 582 640**

**Isabel Vilalba (Sindicato Labrego Galego) TLF: 608 905 444**

**Xan Duro (Verdegaia) TLF: 622 033 665**

**Xulio Rodríguez (Veterinarios sen Fronteiras) TLF: 616 532 767**

# Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar

27 e 28 de Febreiro de 2010  
Faculdade de Filosofía (USC)  
Praza de Mazarelos, Santiago de Compostela



## Sábado 27



- 10:00 h.** **Apresentación** das Xornadas e da ISAP
- 10:30 h.** Palestra:  
**Soberanía Alimentar: Democratizando a Alimentación**  
Carne Freire (SLG), Paul Nicholson (EHNE)
- 12:00 h.** Mesa Redonda: **Vivir da Terra**  
Charo Sánchez (O Grelo Verde), Fuco Barreiro (Monte Cabalar),  
Antonio Carral (O Alle)
- 14:00 h.** **Pausa para xantar**
- 16:30 h.** Palestra: **Interferencias Globais Norte-Sul e Soberanía Alimentar**  
Mónica Vargas (ODG - Observatorio de la Deuda en la Globalización)
- 18:00 h.** Palestra:  
**Construíndo Soberanía Alimentar en América Latina:  
A experiencia de Chile**  
Florencia Aróstica (ANAMURI - As. Nac. de Mujeres Rurales e Indígenas)

## Domingo 28

- 10:30 h.** Palestra:  
**Enfriando o Planeta: Soberanía Alimentar e Mudanza Climática**  
Ferrán García (VSF/No Te Comas el Mundo)
- 12:00 h.** Mesa Redonda: **Vivir do Mar**  
Emilio Louro (Mar de Lira), Representante da Confraría de Cangas,  
Fermín Fernández (Algamar)
- 14:00 h.** **Pausa para xantar**
- 16:30 h.** Palestra:  
**Construíndo Soberanía Alimentar en África:  
A experiencia de Mozambique**  
Luís Mário Muchanga (UNAC - União Nacional Camponesa)
- 18:00 h.** Mesa Redonda:  
**Vivir sen Devorar: Situación e Retos do Consumo Responsábel en Galiza**  
Proxecto Amorodo/Lentura  
Rede Galega de Consumo Consciente e Responsábel

# feira pola soberanía alimentar

Domingo 28 de Febreiro, Praza de Mazarelos



financia:



cooperación galega



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Exteriores  
e coa Unión Europea

isap

Iniciativa pola  
Soberanía Alimentar dos Pobos



## **Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar**

**27 e 28 de Febreiro de 2010**

Salón de Actos da Facultade de Filosofía, Praza de Mazarelos, Santiago de Compostela

### **Programa**

#### **Sábado 27 de Febreiro de 2010**

10:00 h. **Apresentación** das Xornadas e da ISAP

10:30 h. Palestra:

##### **Soberanía Alimentar: Democratizando a Alimentación**

Carme Freire (SLG), Paul Nicholson (EHNE)

12:00 h. Mesa Redonda:

##### **Vivir da Terra**

Charo Sánchez (O Grelo Verde), Fuco Barreiro (Monte Cabalar), Antonio Carral (O Alle)

14:00 h. Pausa para xantar

16:30 h. Palestra:

##### **Interferencias Globais Norte-Sul e Soberanía Alimentar**

Mónica Vargas (ODG – Observatorio de la Deuda en la Globalización)

18:00 h. Palestra:

##### **Construíndo Soberanía Alimentar en América Latina: A experiencia de Chile**

Florencia Aróstica (ANAMURI – Asociación Nacional de Mujeres Rurales e Indígenas)

## **Domingo 28 de Febreiro de 2010**

10:30 h. Palestra:

### **Enfriando o Planeta: Soberanía Alimentar e Mudanza Climática**

Ferrán Garcia (VSF/No Te Comas el Mundo)

12:00 h. Mesa Redonda:

### **Vivir do Mar**

Emilio Louro (Mar de Lira), Confraría de Cangas, Fermín Fernández (Algamar), Isabel Pérez (Mariscadoras a Pé de Cambados)

14:00 h. Pausa para xantar

16:30 h. Palestra:

### **Construíndo Soberanía Alimentar en África: A experiencia de Mozambique**

Luís Mário Muchanga (UNAC – União Nacional Camponesa)

18:00 h. Mesa Redonda:

### **Vivir sen Devorar: Situación e Retos do Consumo Responsábel en Galiza**

Gonzalo Gesto e Marcial Blanco (Rede Galega de Consumo Consciente), Lentura

### **Información sobre conferenciantes:**

**Paul Nicholson:** Sindicalista agrario basco, membro de [EHNE](#) e da Comisión do movemento labrego internacional [Vía Campesina](#) e representante deste en Europa. Participou no [Foro de Nyélény](#) pola Soberanía Alimentar, celebrado en Febreiro de 2007 en Sélingué, Mali.

**Carme Freire:** Sindicalista agraria. Secretaria Xeral do [SLG](#) (Sindicato Labrego Galego), organización integrada na Vía Campesina.

**Charo Sánchez (O Grelo Verde):** Labrega ecolóxica e integrante do Grelo Verde, iniciativa de desenvolvemento rural sustentábel centrada no impulso de comedores escolares ecolóxicos.

**Fuco Barreiro (Monte Cabalar):** Mestre e membro da Xunta Reitora da Cooperativa Monte Cabalar, iniciativa de recuperación do monte en 5 parroquias da Estrada mediante a agrupación de por volta de 3.600 minifundios de máis de 1.000 propietarios para o seu aproveitamento gandeiro, forestal e agrícola.

**Antonio Carral (O Alle):** Produce leite crú ecolóxico e comercialízao directamente coa marca [O Alle](#).

**Mónica Vargas (ODG):** Investigadora do [ODG](#) (Observatorio de la Deuda en la Globalización), centro de investigación das relacións Norte-Sul e das débedas contraídas durante o proceso de globalización (débeda financeira —“externa”— mais tamén ecolóxica, histórica e social).

**Florencia Aróstica (ANAMURI):** Dirixente da Asociación Nacional de Mujeres Rurales e Indíxenas, organización integrada na Vía Campesina e dedicada á promoción do desenvolvemento integral das mulleres rurais e indíxenas de Chile.

**Ferrán García (VSF/No Te Comas el Mundo):** Investigador de Veterinarios Sen Fronteiras e No Te Comas el Mundo, campaña sobre débeda ecolóxica e soberanía alimentar impulsada por el ODG, VSF, Xarxa de Consum Solidari e Entrepobles.

**Emilio Louro (Mar de Lira):** Secretario da [Confraría de Lira](#) (Carnota), impulsora do proxecto Mar de Lira para a difusión da cultura mariñeira e da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos.

**Confraría de Cangas:** Un representante da Confraría de Cangas, mariscador de navalla, achegaranos ao seu traballo e ás ameazas ás que ten que facer fronte como a as relacionadas co ordenamento territorial insustentábel e a destrución ambiental.

**Fermín Fernández (Algamar):** Co-fundador de [Algamar](#), empresa dedicada á recolección de algas e á súa comercialización para alimentación que vén de ser premiada pola Fundación Biodiversidad.

**Isabel Pérez Fernández:** Presidenta da Agrupación de Mariscadoras a Pé de Cambados.

**Luis Mário Muchanga (UNAC):** É un xoven militante da União Nacional Camponesa (Mozambique), organización integrada na Vía Campesina. A última Conferencia Internacional da Vía Campesina celebrouse en Mozambique o pasado mes de Outubro (2009).

**Proxecto Amorodo/Lentura:** O [Proxecto Amorodo](#) foi unha iniciativa dos Concellos de Ames, Rois e Dodro para a promoción da agricultura sustentábel nas comarcas da Amaía e Sar. O seu desenvolvemento deu lugar á constitución da asociación de labregas e labregos Lentura.

**Rede Galega de Consumo Consciente e Responsábel:** Constituída en Novembro de 2009, reúne 11 colectivos que agrupan máis de 1.500 persoas asociadas e facturan ao longo do ano por volta de 1 millón de euros.